

Con data 28 de maio de 2023 tivo entrada na Universidade de Vigo unha solicitude de acceso á información pública ao amparo da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e do Regulamento de transparencia e de acceso á información pública da Universidade de Vigo, presentada por [REDACTED], na que se indica:

*Actualmente estoy realizando mi TFG acerca de la presencia de las mujeres en el grado de CCAFD y para ello estoy centrándome mucho en la elección de estudios universitarios en su etapa pre-universitaria. Además de esto, también preciso de algún informe donde se recoja la motivación de los estudiantes de nuestra facultad en su elección de estudios universitarios una vez que estos han dado su comienzo. Me ha dicho mi tutora que este informe podría encontrarlo en el portal de transparencia pero no consigo encontrarlo. Sería posible que pudiese facilitarme directamente dicho documento?*

Unha vez analizada a solicitude, a Universidade de Vigo comproba que a información solicitada non se atopa en ningunha das causas de inadmisión establecidas na lexislación polo que se procede a súa tramitación.

Do análise da información solicitada, compróbase que a información solicitada non está entre os límites previstos na normativa de transparencia.

A Unidade de Análises e Programas informa que no Portal de Transparencia non existe ningún informe que corresponda exactamente coa información solicitada (motivación do alumnado cara a escoller unha determinada titulación).

Por isto, esta Secretaría Xeral RESOLVE:

Denegar o acceso á información solicitada por non dispoñer desta no Portal de Transparencia, nin tampouco de ningún outro informe ou estudo sobre a “motivación do alumnado cara escoller unha determinada titulación”. Non obstante, no Portal de Transparencia publícanse os seguintes datos que poden ser de interese e dos que se informa a continuación:

1. Datos sobre a demanda académica relativos a: cota de acceso, preferencia e procedencia do alumnado e notas de corte e ocupación. Poden consultarse na seguinte ligazón:

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/14>

2. Indicador **PRE.GRA. Admisión de grao**, que contén información sobre matrícula de novo ingreso por preinscripción, taxas de ocupación, preferencia e adecuación e nota mínima de admisión. Dispoñible na seguinte ligazón:

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/51/3>

3. Como información complementaria, relaciónanse a continuación diferentes enlaces a informes sobre a universidade en España:

<https://www.universidades.gob.es/publicaciones-e-informes/>

<https://www.fundacioncyd.org/publicaciones/informe-cyd/>

<https://www.fundacioncyd.org/publicaciones/otras-publicaciones/>

<https://www.fundacioncyd.org/publicaciones/informe-autonomico/>

<https://www.crue.org/listado-publicaciones/>

<https://www.u-ranking.es/informe>

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa ou, previa e potestativamente, reclamación perante o Valedor do Pobo que será resolta pola Comisión de transparencia de Galicia no prazo dun mes; en ambos casos, o prazo contarase dende o día seguinte ó da notificación da presente resolución.

A SECRETARIA XERAL  
(sinatura dixital)

Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección :

Código seguro de Verificación :  
<https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

Url validación : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MARIA JOSE BRAVO BOSCH | FECHA : 01/06/2023 17:06 | NOTAS : F